



A dirección do IES de Rodeira:

INFORMA:

En relación á admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos para o curso 2016-2017, o seguinte:

CENTROS ADSCRITOS

CEIP A RÚA

CEIP DO CASTRILLÓN-COIRO

OFERTA DE POSTOS ESCOLARES VACANTES

1º ESO 9 (6+3 NEAE)

2º ESO 6

3º ESO 10

4º ESO 12

1º BACH 50

2º BACH 2

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Do 1 ao 29 de marzo de 2016 (ANEXO II, ANEXO A)

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN PARA BAREMACIÓN

Do 1 ao 12 de abril de 2016

PRAZO DE RECLAMACIÓNS

5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación da listaxes provisionais

INFORMACIÓN PÚBLICA DO PROCESO DE ADMISIÓN CURSO 2016/17

a) Normativa reguladora do procedemento de admisión.

- Decreto 254/2012, do 13 de decembro pola que se regula a admisión de alumnado DOG 26/12/12)
- Orde do 12 de marzo de 2013 pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado (DOG 15/03/13)

b) Postos escolares ofertados para o curso académico nos niveis de ensino do procedemento de admisión.

| NIVEL | 1º ESO | 2º ESO | 3º ESO | 4º ESO | 1º BACH | 2º BACH |
|--------|--------------|--------|--------|--------|---------|---------|
| POSTOS | 9 (6+3 NEAE) | 6 | 10 | 12 | 50 | 2 |

c) Prazo de presentación das solicitudes de admisión.

Reserva de praza no centro de orixe: 1 - 15 de febreiro.

Presentación da solicitude de admisión: 1 - 29 de marzo.

d) Nota informativa sobre o proceso de admisión.

1º. Que cada alumna e alumno só pode presentar unha única solicitude no centro no que solicite praza en primeiro lugar, advertindo que a infracción determinará a perda dos dereitos de prioridade que poidan corresponderlle.

2º. Que o alumnado que ten garantía de permanencia nun centro, se presenta solicitude de admisión noutro distinto deberá comunicalo, ao mesmo tempo, ao centro de orixe.

3º. A reserva de praza é vinculante. Si se desexa solicitar outro centro, terá que formalizar unha renuncia a dita reserva no centro na que se fixo antes do 1 de marzo e presentarse copia desta renuncia no centro no que se presente a solicitude de admisión.

4º. No Anexo A o pai/nai/titor legal pode indicar que opta porque todos os irmás sexan escolarizados no mesmo centro. Se na resolución definitiva algún dos irmáns que solicitan praza non é admitido, non se outorgará praza a ningún dos outros e se disporá das prazas correspondentes.

e) Prazo de presentación da documentación xustificativa dos criterios alegados para o baremo, se é o caso.

Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: 1-12 de abril.

f) Prazo para formalizar a matrícula que deberá axustarse ao modelo normalizado do ANEXO III desta orde.

Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: 25 de xuño - 10 de xullo.

Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: 1 - 10 de setembro.

g) Centros que ten adscritos, e adscrición do centro a outro ou outros, se é o caso.

CEIP A Rúa

CEIP do Castrillón-Coiro

h) Área de influencia do centro en cada unha das ensinanzas impartidas e áreas limítrofes (ver mapa de zonas).

ESO: Centros adscritos.

BACHARELATO: Concello de Cangas.

i) Servizos complementarios que ofrezca o centro, identificando a normativa concreta que os regule.

Transporte escolar para alumnado da ESO. Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG do 09/07/86); Decreto 160/1988 de 9 de xuño (DOG do 27/06/88); Orde do 29 de xullo de 1988 (DOG do 01/09/88); Orde do 1 de marzo de 1991 (DOG do 14/03/91); Decreto 443/2001, de 27 de abril (BOE do 02/05/2001); Decreto 254/2012, de 13 de decembro (DOG do 26/12/12) e Orde do 12 de marzo de 2013 (DOG do 15/03/13).

j) Criterio de baremación establecido polo centro educativo. (1 Punto)

O Consello Escolar do IES de Rodeira, con data do 19 de marzo de 2013, aprobou o seguinte criterio:

Para as Ensinanzas de ESO terase en conta o expediente académico do alumnado, considerando que:

- Se a media se atopa entre 5 e 7, inclusive, valorarase con 0 puntos.
- Se a media é maior de 7, sumará un punto na baremación.

Calendario completo sobre o proceso de admisión

Para o curso escolar 2016/17, os prazos previstos para a tramitación dos procedementos de admisión e de matrícula do alumnado, son os seguintes:

- Reserva de praza no centro de orixe: 1 - 15 de febreiro.
- Publicación de postos escolares vacantes: 29 de febreiro.
- Presentación da solicitude de admisión: 1 - 29 de marzo (**ANEXO II + ANEXO A**).
- Presentación da documentación acreditativa dos criterios de baremo: 1 - 12 de abril.
- Publicación das listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: 25 abril.
- Prazo de reclamación contra as listaxes provisionais de persoas admitidas e non admitidas: 26, 27, 28, 29 de abril e 2 de maio (5 días hábiles contados a partir do día seguinte da publicación das listaxes provisionais).
- Publicación das listaxes definitivas de persoas admitidas e non admitidas: 15 de maio.
- Formalización da matrícula en ESO e bacharelato: 25 de xuño - 10 de xullo (**ANEXO III**).
- Prazo extraordinario de formalización de matrícula en ESO e bacharelato: 1 - 10 de setembro (**ANEXO III**).